



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
— 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

CIRCULAR 60/2009

- A todas as Delegacións (*)

- Aos clubs, adestradores e atletas.

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

GRUPO DE ESTUDIO SOBRE O ADESTRAMENTO DA VELOCIDADE E AS CARREIRAS CON VALOS

OBXECTIVO: Facilita-lo encontro entre adestradores interesados nestas especialidades, para favorece-la formación e actualización permanente.

INTERESADOS: Adestradores que desenvolvan a súa labor en Galicia, censados na Escola Galega de Adestradores.

DIRECTOR DO GRUPO:

Prof. D. Vicente Veiga Doldán

- Profesor do módulo de velocidade e valados da Escola Galega de Adestradores.
- Adestrador Nacional de Atletismo.
- Licenciado en Educación Física.

MÉTODO DE TRABALO:

- Reunións periódicas de intercambio técnico.
- Exposición por parte de cada adestrador, posta en común, análise e discusión sobre aspectos relevantes do adestramento de cada especialidade.
- Facilitación de documentación sobre as especialidades.
- Posible invitación aos técnicos de alto nivel, para impartir docencia sobre as especialidades.

CONTIDOS: Orientados á creación dunha metodoloxía de adestramento específica para estas especialidades, que recolla as características propias e diferenciadas doutros sectores de probas.

- Análise das capacidades condicionais e técnicas.
- Análise das tarefas propias de adestramento de cada especialidade.
- Planificación do adestramento.
- Criterios de selección de futuros velocistas.
- Tratamento do talento deportivo nas idades de formación.

INSCRICIÓNS NO GRUPO:

Tódolos interesados deberán estar censados na EGA e remitir o seu email de contacto ao email vicenteveigadoldan@yahoo.es

A Coruña, 2 de xullo do 2009
Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral FGA

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

